


Patrocina.



X21 22



Organiza.



*“ Un ano máis e xa vai para corenta,
o milagre parece que é posible...”*

Hai xa tempo que as Festiletras do Couto, en Ponteceso, se anuncian cada ano a xeito de prodixio, se ben é certo que nada chega sen esforzo e vontade colectiva. Arredor do #dezasete en Maio e do 1 ao 4 de Setembro, esta aldea bergantiñá volverá ser o epicentro da cultura galega para festexar as Letras.

SÁBADO 14.

*Un itinerario en bus que nos levará ás terras de **MUXÍA** con innumerables pegadas na poesía do bardo.

Guiarannos os estudiosos da obra de **Pondal Manuel Ferreiro, Felipe Senén e Félix Neira.**

Nunca faltaron as actividades para nenxs na Festa das Letras.
12.30 horas na Fundación, contacontos do camerunés **Boniface Ofogo** :*“A paso de tartaruga” e “O león Kandinga”.*
Nin tampouco os monólogos...
21.30 horas na Casa dos Veciños. Narración oral de Boniface Ofogo.



▼
Boniface Ofogo.

DOMINGO 15.

12.00 horas. Ofrenda floral e acto de entrega dos Bos e Xenerosos 2022” no exterior da fundación. Festa rachada con foguetes, gaiteiros, veciñanza e amigxs.

**Exposición Corenta anos “ Cantas cousas non pasaron...”*
Un percorrido fotográfico por corenta anos de celebración con escritores, músicos, narradores, artesáns, etc,

LUNS 16. *Na Casa dos Veciños.*

Outro clásico, o teatro. O teatro afeccionado que nos engaiolou coa posta en escea de todas as súas obras. **Badius** desde as terras de Labarta Pose cun elenco de afeccionados ao teatro amador que nos acompañaron e divertiron nestes corenta anos.

Nesta véspera das Letras estreamos *“A peregrinaxe”.*



▼
Badius, Teatro.

MARTES 17. *Na Casa dos Veciños.*

A partir das 16:30 con percorrido polas placas dos escritores e escritoras con placa nos soportais da sé da Asociación Cultural Monte Branco (creadora da Festa das Letras). E de seguido cun recital poético de **Rosalía Fernández, Suso lista, Claudia Castro, Alexandre Nerium e Xurxo Souto** que denominamos *“dose de reforzo”.*

Pecharemos coa actuación musical de **FAIA.**



▼
Faia.